

## Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2019.4 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE ASISTENCIA, DIAGNÓSTICO E SOPORTE NA IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓN DE INDUSTRIA 4.0 PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA TIC 2019), COFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

### 1. Antecedentes:

Por Resolución do 21 de decembro de 2018 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2019) e Resolución do 18 de xaneiro de 2019 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2019) que modifica a anterior, publicáronse as bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de soluciones de Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-accionar TIC 2019), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 14 solicitudes presentadas na convocatoria 2019.4 aplicáronse os seguintes criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras da axuda:

- a) Segundo o número de empregados da peme no último exercicio:  
De 0 a 5: 5 puntos  
De 6 a 15: 20 puntos  
De 16 a 50: 50 puntos  
51 ou superior: 35 puntos
- b) Ter desenvolvido unha análise previa ou plan estratégico onde se poña de manifesto a necesidade do servizo para o que se solicita a axuda: 25 puntos.
- c) Actividades preferentes da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, que constitúe o Plan Director da Industria de Galicia 2015-2020, definido no artigo 23 da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia, ou referenciados no reto 2 (modelo industrial da Galicia do futuro) da estratexia RIS3 de Galicia: 15 puntos.
- d) Pola asociación a un clúster: 10 puntos.

Unha vez analizadas conxuntamente as 14 solicitudes presentadas dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de CONVOCATORIA 2019.4 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE ASISTENCIA, DIAGNÓSTICO E SOPORTE NA IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓN DE INDUSTRIA 4.0 PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA TIC 2019), COFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

### 2. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar a concesión das axudas en especie aos 14 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os servizos e polos importes do custo do servizo para o Igape e do cofinanciamento privado que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de **62.210,00** euros.

O método aplicado para determinar o importe da axuda é o de custos reais.

Estas axudas incardínanse no réxime de axudas de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) e para as empresas do sector pesqueiro no artigo 1 do

Asinado electrónicamente por JUAN MANUEL CIVIDANES ROGER en data 18/7/2019.

IDE: 219B2EBC-4AA8501F-4B066D50-8C691B5F-C3D6C1A1 CC: 1D Pódese verificar a autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)

Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no artigo 1 do Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013).

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da axuda cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Para a execución do servizo e a súa xustificación deberase ter en conta o disposto nos artigos 10 e 12 das bases reguladoras da axuda.

A axuda concedida confórmase como a diferenza entre o importe do custo abordo polo Igape pola prestación do servizo e o importe exixido á beneficiaria en concepto de cofinanciamento privado. O importe de dito cofinanciamento privado deberá ser ingresado polas empresas beneficiarias do servizo, antes da súa execución, na conta do IGAPE ES83 2080 0388 2731 1000 0584, indicando no concepto o número de expediente e o literal "Re-accionarTIC - Cofinanciamento privado da axuda". No caso de que dous meses antes da finalización do prazo de execución do servizo non se producirá o ingreso, entenderase que o beneficiario renuncia á axuda, e arquivarase o expediente. Este prazo poderá ser excepcionado mediante resolución do órgano competente para a instrucción do procedemento, sempre que concorran causas xustificadas.

Condicóns derivadas do cofinanciamento da axuda con fondos europeos:

A prestación destes servizos está cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular:

Obxectivo temático 03: mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo Específico 03.04.01: promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoios avanzados; incluíndo os sectores agrícola pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial (...).

Actuación 3.4.1.5: identificación de oportunidades e prestación de servizos para a profesionalización, modernización e reconfiguración de negocio, procesos, organización e intelixencia competitiva.

Campo de intervención 066: Servizos de axuda avanzados para peme e grupos de peme (incluíndo servizos de xestión, comercialización e deseño).

O que exixe o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumplir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén supón a recepción deste documento a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumplir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, a normativa en materia de contratación pública, evitar o dobre financiamento e a falsificación de documentos.

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente da axuda, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello. Para tal fin, deberá dispor dos libros contables, rexistros diligenciados e demás documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e abono dos gastos subvencionables, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control, durante, polo menos, un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos definitivos do proxecto concluído. O Igape informaralle da data de inicio a que se refire esta obriga.

Asinado electrónicamente por JUAN MANUEL CIVIDANES ROGER en data 18/7/2019.  
IDE: 219B2EBC-4AA8501F-4B066D50-8C691B5F-C3D6C1A1 CC: 1D Pódese verifica-la autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)

O beneficiario deberá manter un sistema separado de contabilidade ou un código de contabilidade suficiente para todas as transaccións relacionadas coa operación.

O beneficiario deberá informar sobre o nivel de logro dos indicadores de produtividade ao mesmo tempo que xustifica os gastos. Estes indicadores son os seguintes:

Identificador: C004

Nome: Número de empresas que reciben axuda non financeira (empresas)

Unidade de medida: Número de empresas.

Valor estimado para esta operación: 14

A axuda concedida ao beneficiario contribuirá á consecución do seguinte indicador de resultado:

Identificador: R341G

Nome: Empresas medianas (entre 50 y 249 traballadores asalariados)

Valor de referencia: 1132

O intercambio electrónico de datos da operación farase a través do endereço da internet <http://tramita.igape.es>, tal como se recolle no artigo 4 das bases reguladoras.

O organismo intermedio baixo cuxa xestión está o beneficiario do proxecto é a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que abarca todo o ámbito da Xunta de Galicia e os organismos dependentes.

O OSF en cuxa senda financeira está enmarcado o proxecto é a Xunta de Galicia.

Esta operación contribúe á ITI AZUL: non.

O beneficiario deberá cumplir os seguintes requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, deberá recoñecer o apoio do Igape, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Igape e da Xunta de Galicia e a marca turística de Galicia e mostrando:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo Feder que da apoio ao proxecto.
- c) Referencia ao lema do Fondo "Unha maneira de facer Europa".

O formato a utilizar é o seguinte:

## PROXECTO COFINANCIADO POR IGAPE, XUNTA DE GALICIA E FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DO PROGRAMA OPERATIVO 2014-2020

2. Durante a execución do servizo:

a) Breve descripción no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, do proxecto, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro do Igape, da Xunta de Galicia e da Unión e a marca turística de Galicia;

b) Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no cal se mencionará a axuda financeira do Igape, da Xunta de Galicia e da Unión e a marca turística de Galicia, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo, de acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014:

Asinado electrónicamente por JUAN MANUEL CIVIDANES ROGER en data 18/7/2019.  
IDE: 219B2EBC-4AA8501F-4B066D50-8C691B5F-C3D6C1A1 CC: 1D Pódese verifica-la autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)

1. O emblema da Unión deberá figurar en cor nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.
2. O emblema será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento empregados. En pequenos artigos de promoción non será obligatorio facer referencia ao Fondo.
3. Cando o emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo correspondente se presenten nun sitio web serán visibles ao chegar ao dito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
4. O nome "Unión Europea" sempre aparecerá sen abreviar. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. Non se empregarán cursiva, o subliñado nin outros efectos. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de xeito que non interfira. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
5. Se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.
6. O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo.



UNIÓN EUROPEA

Se ben, en toda comunicación relativa a fondos europeos deberase incorporar ademais unha referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Adicionalmente, empregarase o lema "Unha maneira de facer Europa".

**Segundo.** Publicar a resolución no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (apartado "Consulta de resolucións definitivas" <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 7.5 das bases reguladoras.

### 3. Recursos:

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

### Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
Dirección Xeral do IGAPE	Juan Manuel Cividanes Roger	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

Asinado electrónicamente por JUAN MANUEL CIVIDANES ROGER en data 18/7/2019.  
IDE: 219B2EBC-4AA8501F-4B066D50-8C691B5F-C3D6C1A1 CC: 1D Pódese verifica-la autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)

## ANEXO I: Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2019.4 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE ASISTENCIA, DIAGNÓSTICO E SOPORTE NA IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE INDUSTRIA 4.0 PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA TIC 2019), COFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXINAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Servizo	Puntuación					Data inicio	Data límite de ejecución	Prazo de xustificación	Custo do servizo para a Admón (€)	Cofinanciamen-to (€)	Axuda en especie (€)
			A	B	C	D	Total						
IG236.2019.4.2.DIAGI40	STILINEA COCINAS, S.A.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	50	0	15	0	65	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00
IG236.2019.4.13.DIAGI40	CONFECCIONES IGLEMAR, S.L.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	50	0	15	0	65	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00
IG236.2019.4.1.DIAGI40	CALOR COLOR S.L.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	50	0	0	0	50	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00
IG236.2019.4.4.DIAGI40	AUTOS RICO,S.L.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	50	0	0	0	50	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00
IG236.2019.4.3.DIAGI40	IDM PEREIRA,S.L.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	20	0	0	0	20	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00
IG236.2019.4.5.DIAGI40	PELE DESIGN AND RETAIL, S.L.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	20	0	0	0	20	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00
IG236.2019.4.6.DIAGI40	VAZQUEZ ROUCO RAMON E OUTRA EN NOME DE PELE DECORACIONES,C.B	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	20	0	0	0	20	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	300,00	4.056,00

Asinado electrónicamente por JUAN MANUEL CIVIDANES ROGER en data 18/7/2019.  
 IDE: 219B2EBC-4AA8501F-4B066D50-8C691B5F-C3D6C1A1 CC: 1D Pódese verifica-la autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)



Expediente núm.	Titular	Servizo	Puntuación					Data inicio	Data límite de ejecución	Prazo de xustificación	Custo do servizo para a Admón (€)	Cofinanciamen-to (€)	Axuda en especie (€)
			A	B	C	D	Total						
IG236.2019.4.12.DIAGI40	TURBINTER, C.B.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	20	0	0	0	20	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	150,00	4.206,00
IG236.2019.4.14.DIAGI40	CHAMORRO FERNANDEZ, DOMINGO	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	20	0	0	0	20	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	150,00	4.206,00
IG236.2019.4.7.DIAGI40	LÓPEZ GUTIERREZ, ISABEL	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	5	0	0	0	5	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	150,00	4.206,00
IG236.2019.4.8.DIAGI40	NEIRA LEIRO, S.L.	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	5	0	0	0	5	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	150,00	4.206,00
IG236.2019.4.9.DIAGI40	GOODLIFE FACTORY, SL	Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de soluciones Industria 4.0	5	0	0	0	5	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	4.356,00	150,00	4.206,00
IG236.2019.4.11.SOLI40	HIFAS DA TERRA, S.L.	Servizo de acompañamiento na posta en marcha de soluciones Industria 4.0	50	0	0	10	60	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	7.744,00	1.620,00	6.124,00
IG236.2019.4.10.SOLI40	GOODLIFE FACTORY, SL	Servizo de acompañamiento na posta en marcha de soluciones Industria 4.0	5	0	0	0	5	31/07/2019	22/11/2019	20/12/2019	7.744,00	1.080,00	6.664,00
													<b>TOTAL: 62.210,00</b>

Asinado electrónicamente por JUAN MANUEL CIVIDANES ROGER en data 18/7/2019.

IDE: 219B2EBC-4AA8501F-4B066D50-8C691B5F-C3D6C1A1 CC: 1D Pódese verifica-la autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)